



ASOCIACIÓN DE FUTBOLISTAS VETERANOS DE OURENSE

www.veteranosdeourense.com
asociación@veteranosdeourense.com



PROTOCOLO COVID ASOCIACIÓN DE FUTBOLISTAS VETERANOS DE OURENSE

ÍNDICE

1. CONDICIÓN XERAIS DAS INSTALACIÓN:

- a) Ventilación dos vestiarios dos campos de futbol
- b) Limpeza e desinfección
- c) Hixiene
- d) Sinalización
- e) Lugares de aseo
- f) Outros espazos de uso común

2. DISTANCIA DE SEGURIDADE ENTRE PERSOAS

3. USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA

4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN PERSOAL DOS XOGADORES

5. ZONAS COMUNS DO CAMPOS DE FUTBOL, INSTALACIÓN DEPORTIVAS...

6. XESTIÓN DE CASOS COVID-19

7. OUTRAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN EN RELACIÓN COA COVID-19



ASOCIACIÓN DE FUTBOLISTAS VETERANOS DE OURENSE

www.veteranosdeourense.com
asociación@veteranosdeourense.com



A evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria de Galicia fai necesario que a asociación de futbolista Veteranos de Ourense realice un protocolo de medidas e actuacións e prevención específica derivadas da COVID-19 orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da mesma, e tendo en conta a Orde do 7 de outubro de 2021.

A asociación de futbolistas veteranos de Ourense, en base ao punto 3.30 da Orde do 7 de outubro de 2021, establece este protocolo específico aos efectos de comunicación á autoridade competente da Xunta de Galicia, así como aos asociados.

Son requisitos imprescindibles para participar nos eventos deportivos organizados pola asociación de futbolistas de Ourense tal e como se recolle no reglamento interno da propia asociación entre outros, estar dado de alta na mesma como xogador participante.

No inicio de cada partido os árbitros disporán dunha acta coa relación de participantes de cada equipo que poden disputar o encontro, no que se garantiza que cada xogador dispón dun seguro deportivo, así como daquelas garantías relacionadas coa COVID-19 para poder participar en dito encontro.



ASOCIACIÓN DE FUTBOLISTAS VETERANOS DE OURENSE

www.veteranosdeourense.com
asociación@veteranosdeourense.com



1. CONDICIÓN XERAIS DAS INSTALACIÓN

No referente ás instalacións deportivas onde se van a desenvolver os partidos de fútbol deberase ter en conta unha serie de condicións que de xeito xeral xa deberían recollese nos protocolos de actuacións das mesmas instalación.

a) Ventilación dos vestiarios dos campos de fútbol

- Ventilarse alomenos 30 minutos antes do comezo de cada partido.
- Ventilarse ao final de cada uso e ao cabo de cada hora se o uso fose máis prolongado. Durante dez minutos, ou quince se o espazo estaba ocupado previamente.
- Sempre que sexa posible manteranse **abertas as portas e ventás** das estancias durante o desenvolvemento do partido que se vaia a disputar, para facilitar a máxima ventilación.
- No caso de contar con sistemas de ventilación forzada, os responsables do mantemento dos vestiarios dos campos de fútbol deberán evitar a recirculación do aire, reforzar a limpeza dos filtros e revisar todas as instalacións antes do inicio de cada encontro.
- Deben inhabilitarse os espazos cerrados de uso común que non contén con posibilidade de renovación do aire.

b) Limpeza e desinfección

- Os responsables ou titulares dos campos de fútbol deberán limpar e desinfectar todos os lugares de zonas comúns. Limpar máis a miúdo e con especial atención as superficies de contacto frecuente. Limpar cada área de uso en cada cambio de partido.
- Limpar e desinfectar as zonas de uso común postas a disposición dos xogadores
- Para cada instalación determinarase e supervisarse, en cada momento, as necesidades de limpeza e desinfección.

c) Hixiene

- Recoméndase contar nas instalacións onde se desenvolva os partidos con dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e saída das instalacións deportivas, lugares de uso común sempre que sexa preciso.



ASOCIACIÓN DE FUTBOLISTAS VETERANOS DE OURENSE

www.veteranosdeourense.com
asociación@veteranosdeourense.com



- Recoméndase contar, nas instalacións onde se desenvolva os partidos, en todos os aseos con dispensadores de xabón para lavar as mans, panos dun só uso, papel hixiénico e cubos con tapa, apertura de pedal e bolsas do lixo de plástico.
- Dispor, de ser o caso, papeleiras con bolsa de lixo de plástico, que se deberán limpar frecuentemente, polo persoal encargado do mantemento das instalacións deportivas.

d) Sinalización

- Recoméndase que as instalacións deportivas onde se disputen os encontros, nos lugares máis apropiados ao caso, teñan sinalizacións informativa sobre a COVID-19 en relación con:
 - Prohibición de acceso en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID19, ter diagnosticada a enfermidade e non ter rematado o período de illamento ou estar en situación de corentena.
 - Lavado de mans nos baños.
 - Desinfección de mans xunto aos dispensadores de xel.
 - De ter que quitar a máscara para tusir ou esberrar, facelo sobre un pano dun só uso ou, no seu defecto, sobre a parte interna do cóbado e lavar as mans logo de tusir, esberrar ou sonar o nariz, para os xogadores que se atopen fora do terreo de xogo.
 - Uso individual dos aseos con superficie non superior a 4 metros cadrados.
 - Distancia de seguridade de 1,5 metros.
 - Uso obrigatorio de máscara para todo o persoal que se atope fora do terreo de xogo.

e) Lugares de aseo

- Os aseos serán de uso individual para espazos de ata catro metros cadrados, ademais do/a acompañante no caso de persoas que precisen asistencia.
- No caso de zonas de ducha común en instalación, poderase usar o 75 % delas, no caso de que as zonas común de duchas dispoñan de cabinas o uso poderá ser do 100 %.

f) Outros espazos de uso común

- En calquera espazo interior que poida considerarse de uso común ou compartido teranse en consideración as medidas relativas a ventilación, limpeza, medidas de hixiene, distancia de seguridade, uso obrigatorio de máscara e sinalización.



ASOCIACIÓN DE FUTBOLISTAS VETERANOS DE OURENSE

www.veteranosdeourense.com
asociación@veteranosdeourense.com



- En caso de contar con equipamento ou obxectos de uso compartido, colocar un produto desinfectante e panos dun só uso para desinfección, por cada usuario/a, antes e despois do seu uso.
- Evitar o agrupamento de persoas. De ser preciso crear quendas de horario para o uso destas instalacións.
- A permanencia nestes espazos de uso común limitarase ao tempo imprescindible.

2. DISTANCIA DE SEGURIDADE ENTRE PERSOAS NAS INSTALACIÓNS

- Calcular a capacidade máxima para cada zona común distinta ao terreo de xogo de forma que permita garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros. Terase en conta a posible afluencia de persoas alleas distintas de persoas que vaian xogar un partido nese día de competición.
- Deben, de ser posible, ordenarse as entradas, saídas, circulación interna e permanencia en lugares comúns das persoas para evitar agrupamentos e garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros. En todo caso, é obrigatorio o uso de máscara e as medidas de hixiene. De ser preciso graduarase as entradas e saídas.
- Son medidas que poden contribuír a ordenar entradas, saídas, circulación interna e permanencia nas instalacións de forma que se respecte a distancia de seguridade: acoutar e redistribuír espazos; diferenciar portas de entrada e saída, de contar con esa posibilidade; sinalizar entradas, saídas e percorridos e utilizar marcas ou barreiras físicas para marcar a separación entre persoas. En todo caso, respectarase as vías de evacuación e saídas de emerxencia establecidas nos plans de autoprotección de cada zona deportiva onde o equipo vaia a xogar o partido, é claro que estas indicacións deberían correr a cargo do responsable das instalacións deportivas.

3. USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA

- O uso de máscara é obrigatorio, en todo momento, para todas as persoas que compartan espazo.
- Non se requirirá o uso obrigatorio aínda que se recomenda o uso de máscara nos seguintes supostos:
 - o Os xogadores ou arbitros que se atopen no terreo de xogo, pero no momento de abandonar o terreo de xogo convertírase en obrigatorio o uso da máscara.
 - o Persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida agravar polo uso da máscara, ou que non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara ou que presenten alteracións de conducta que impidan a súa utilización.

En supostos de forza maior ou situación de necesidade non será obrigatorio o uso da máscara.



ASOCIACIÓN DE FUTBOLISTAS VETERANOS DE OURENSE

www.veteranosdeourense.com
asociación@veteranosdeourense.com



4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN PERSOAL DOS XOGADORES

- Manter a distancia mínima de seguridade de 1,5 metros entre persoas que se atopen fora do terreo de xogo.
- Utilizar máscara en espazos nos se poida concorrer con outras persoas, aínda que se manteña a distancia de seguridade.
- Atenderanse, de ser o caso, as sinais que marquen os accesos/saídas e o sentido da circulación dentro das instalacións do distintos campos de fútbol.
- Evitar o saúdo con contacto físico. Non dar a man nin bicarse.
- Desinfectar as mans con xel hidroalcohólico antes de entrar ás instalacións e despois de contactar con superficies, documentos ou calquera obxecto. Se as mans están sucias, lavalas con auga e xabón antes de usar o xel desinfectante.
- Lavar/desinfectar as mans antes e despois de utilizar máscara ou luvas.
- Tусir ou esberrar dentro da máscara. De non ser posible, taparse a boca e o nariz cun pano dun só uso ou, no seu defecto, coa parte interior do cóbado.
- Depositar o material hixiénico dun só uso (panos, máscaras, etc.) nas papeleiras que se habiliten ao efecto.
- Minimizar o contacto das mans coa boca, ollos e nariz a menos que se lавaran previamente.
- Lavar e desinfectar as mans antes e despois de pulsar os botóns de equipos de uso común, como as máquinas expendedoras.
- Limitar a circulación de documentos en papel, como por exemplo a entrega de fichas e actas dos partidos. Para eso o arbitro deberá contactar coa mesma persoa durante o partido para realizar o intercambio de documentos.
- Evitar compartir ferramentas, materiais, utensilios deportivos ou calquera tipo de obxecto.
- No caso do material de uso común, desinfectalo antes e despois do seu uso.
- Utilizar as escaleiras de forma preferente aos ascensores ou montacargas se os houbese. No caso de que as instalación deportivas dispoñan de ascensores, montacargas, etc..., facelo preferentemente de forma individual e, en ningún caso, superando o 50% da súa capacidade mantendo a distancia de seguridade entre persoas e utilizando máscara.
- Non acceder a instalacións e espazos que fosen expresamente inhabilitados.



ASOCIACIÓN DE FUTBOLISTAS VETERANOS DE OURENSE

www.veteranosdeourense.com
asociación@veteranosdeourense.com



5. ZONAS COMUNS DO CAMPOS DE FUTBOL, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS...

- Recomendase aos xogadores que acudan aos terreos de xogo cambiados e dispostos para xogar, para evitar o maior tempo de uso de vestiarios.
- Os vestiarios e zonas de ducha poderán ser usados cunha ocupación de ata o 75 % da capacidade máxima permitida, e recomendase á limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada. O uso de duchas será do 75 % da súa capacidade, sempre que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal, ou do 100 % no caso de dispoñer de cabinas de uso persoal.
- Nos vestiarios non poderá estar ningunha persoa que non houbese xogado ou forme parte do equipo con ficha activa polo clube ao que represente.
- Recoméndase a todos os xogadores dos distintos equipos, que se duchen nos seus propios domicilios co gallo de evitar o maior tempo de contacto cos seus demais compañeiros.
- No caso de que acuda persoal que non teña ficha da asociación de futbolistas veteranos de Ourense, os responsables das instalacións ou no seu caso os delegados de cada equipo, deberán realizar un rexistro de asistentes ao evento, que deberá ser custodiado por cada responsable ou delegado do equipo durante o mes seguinte, coa información de contacto, dispoñible para as autoridades sanitarias, e cumprir coas normas de protección de datos de carácter persoal.

6. XESTIÓN DE CASOS COVID-19

- Será de aplicación o Protocolo para xestión de casos COVID-19 nos distintos campos de fútbol ou instalacións deportivas onde se desenvolva o encontro, en todo o relacionado coa prohibición de acceso ás instalacións a persoas con síntomas, espazos para illamento e xestión de casos sospeitosos, sistemática de comunicación e todo o relacionado co tratamento de posibles casos COVID-19.
- No caso de que a persoa que iniciara síntomas fose menor de idade, ademais de seguir o indicado no protocolo para xestión de casos COVID-19 publicado polas autoridades sanitarias, avisarase á súa familia (ou titulares legais) presentes nas instalacións, e illarase do resto dos usuarios/as asegurándose de que permaneza acompañada ou, de non ser posible, controlada baixo supervisión ou vixilancia, de delegado do equipo ou no caso de ausencia, o que exerza de capitán do partido que se dispute nese día.
-



ASOCIACIÓN DE FUTBOLISTAS VETERANOS DE OURENSE

www.veteranosdeourense.com

asociación@veteranosdeourense.com



7. OTRAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN EN RELACIÓN COA COVID-19

Aplicaranse aquelas outras medidas que vaian xurdindo e que sexan publicadas e comunicadas polas autoridades sanitarias competentes en material de prevención coa COVID-19.

Ourense, 14 de outubro de 2021

A Xunta Directiva.